

Os comercios do barrio:

Florería Zarcillos
Avda. Castelao, 48

KLSystem
Avda. Castelao, 50

Restaurante Liñares Bispo
Diego Pelaez, 1

Centro de ensino Galileo
Bispo Diego Pelaez, 3

Bishi-kai. Escola de artes marciais
Bispo Diego Pelaez, 7

MDL Car Wash lavado artesanal
Camiño do Lermo, 16

DBT Serigráfica
Castiñeiros, 10

Fotocopias Pelamios
Castiñeiros, 13

Taberna O Muiño do Lermo
Lugar de Lermo

Restaurante Triacastela
Monte da Vila, 2

Fotocopias San Martín
Noia, 1

Café de Vagar
Noia, 1

Ferretería J. Bellón
O Avío, 9

Sacauntos
O Avío, 11

@Imir Herrajes y complementos
O Avío, 13-15

Restaurante D. Manuel
O Avío, 16

Elinfo
O Avío, 16

Día Market
O Avío, 2

Peixes no mar
O Avío, 22

A.G. Piscinas
O Avío, 22

Parrillada Buxán
O Avío, 7

CopyAme dixital
Pelamios, 14

Cafetería Nariño
Pelamios, 14

Alimentación Pelamios
Pelamios, 12

Restaurante O Cesto
Pelamios, 40

Restaurante La Posada del Romão
Ponte do Romão, 11

Gamisan
Ponte do Romão, 3

Restaurante Parrillada Mallou
Ponte do Romão, 65

Peregrina Carpinteiros
Ponte do Romão, 69

Pitticasa Factory
Ponte do Romão, 31

Yagodent
Rianxo, 6

Instaladora sanitaria Fernando Pena
Rianxo, 7

Cervecería San Patricio
Rianxo, 4

Tapicería Bernardo
Rianxo, 9

Decoraciones J.L. Iglesias
Roberto Vidal Bolaño, 6

Cervexería da avoa
Roberto Vidal Bolaño, 7

Semente. Escola Infantil
Salvadas, 47 B

Interga. Psicólogos. Logopedia
Salvadas, 11

Peluquería Pili
Salvadas, 15

Talleres Bastón
Salvadas, 23

Restaurante O Tio Raúl
Salvadas, 27

Listel Comunicación
Salvadas, 29

Dinahosting
Salvadas, 41

Restaurante O bo xantar 2
Salvadas, 49

Peluquería María Calviño
Salvadas, 17

Ferocalor
Salvadas, 55

Gadis
San Xoán, 1

Asesoría Galaica
San Xoán, 6

Emilia Sánchez. Academia de ensino
Santa Comba

Mercalozano
Santa Comba, 2

Mercería Lourdes
Santa Comba, 2

Academia María Grille. Corte y confección
Santa Comba, 3

Clínica dental Elvira Crespo
Santa Comba, 4

Joyería Eloy Gesto
Santa Comba, 5

Carnicería Santa Comba
Santa Comba, 6

Peluquería Rasgos
Santa Comba, 6

Otteros Moda
Santa Comba, 7

El Árbol
Santa Comba, 9

Electricidade Lago
Santa Comba, 9

Bodegón Rey
Santa Comba, 3

Café Bar Royel
Santa Comba, 6

Peluquería Loli
Santa Comba, 7

Electrónica Balebona
Santa Uxia de Ribeira, 2

Antelo. Reparación de calzado
Santa Uxia de Ribeira, 2

Fagari
Santa Uxia de Ribeira, 2

Evá Novás Mato. Avogada
Santa Uxia de Ribeira, 4

MEN. Montaxes eléctricas do Noroeste
Santa Uxia de Ribeira, 5

Gingko. Fisioterapia
Santa Uxia de Ribeira, 6

Floristería Uxia
Santa Uxia de Ribeira, 7

Frutería Vista Alegre
Santa Uxia de Ribeira, 11

Mavar
Santa Uxia, 6

Labralia Agrotenda
Torreira, 11

Riga Santiago
Torreira, 14

Neumáticos Gil Rey
Torreira, 16

Restaurante O bo xantar
Torreira, 18

Parrillada O Socio Bar
Torreira, 2

Mesón Peón II
Torreira, 22

Asesoría Xurídica Sarela
Torreira, 22

Frutería DOI
Torreira, 24

Talleres Riazor
Torreira, 31

Peluquería Espellos
Torreira, 4

Pulpería Val do Dubra
Torreira, 5

Inmobiliaria Rey Xestión
Vista Alegre, 100

Pastelería Vista Alegre
Vista Alegre, 106

Intengal Comunicaciones
Vista Alegre, 107

Farmacia Gabriela García
Vista Alegre, 108

Óptica Vista Alegre
Vista Alegre, 114

Forestal y jardín
Vista Alegre, 114

Café-Bar-Pensión Tambre
Vista Alegre, 129

Panadería Novo Forno
Vista Alegre, 143

Peluquería de caballeros Josman
Vista Alegre, 143

Carro de Eli
Vista Alegre, 149

Casa Antonio
Vista Alegre, 21

Alimentación Artilleiro
Vista Alegre, 44

Farmacia Sonia García
Vista Alegre, 51

Café Bar O mariñeiro
Vista Alegre, 53

Carnicería Vista Alegre
Vista Alegre, 54

Panadería Vista Alegre
Vista Alegre, 56

Mesón do Pulpo
Vista Alegre, 57

Ferva Herrajes
Vista Alegre, 61

Bar Tarelo
Vista Alegre, 72

Bar O Buxo
Vista Alegre, 74

Café Bar Vista Alegre
Vista Alegre, 75

Cristalería Vista Alegre
Vista Alegre, 80

Peluquería M^a Vázquez
Vista Alegre, 81

Talleres Aparicio
Vista Alegre, 85

Computec Sat
Vista Alegre, 85

Talleres R.V.
Vista Alegre, 87

Reale
Vista Alegre, 92

José Antonio Castro Calviño
Vista Alegre, 95

Talleres Serrano
Vista Alegre, 116

Café Bar o 139
Vista Alegre, 139

Pensión Artilleiro
Vista Alegre, 46

Restaurante C&B
Vista Alegre, 58



“Unha maneira de facer Europa”



**Urbana
Santiago
Norte**



*Pelamios,
Vista Alegre
& Romão*



*Pelamios,
Vista Alegre
& Romaño*



Os barrios de Pelamios, Vista Alegre e o Romaño

O arrabalde ao carón da Capela da Nosa Señora da Fonte, o antigo camiño aos portos do Norte e ás aldeas do Pedroso, son os fitos históricos que marcan a configuración desta zona de Santiago que pertenceu sempre á parroquia de San Xoán. Aínda que foi transformado a fondo nas últimas décadas, conserva recantos de sabor tradicional, un conxunto espectacular de espazos verdes e dotacións culturais e unha interesante e diversificada oferta comercial.

1 Os Pelamios

Esta rúa e o barrio toman o seu nome das instalacións de curtido dos coiros que aquí tiña o mosteiro de San Martiño Pinario e alugaba a curtidores ou intermediarios. Os píos de cal (para preparar as peles) e os de curtido e tinxido alimentábanse do río da Pena e do rego que baixaba da Costa Vella, que tamén facía funcionar un muíño da rúa de Morón.

2 Finca Vista Alegre

Durante moito tempo foi coñecida como Finca Simeón por seren os herdeiros de Simeón García de la Riva, empresario e banqueiro, os seus propietarios. En orixe foi parte da horta de San Martiño Pinario e os Simeón concibírona como finca de recreo, cun enorme e exuberante xardín que rodea unha vivenda que fusiona a arquitectura local (a galería) con aires de modernidade (grandes xanelas, volumes dinámicos). De aí que moitos digan que posúe certo aire caribeño... Os arquitectos César Portela e Arata Isozaki transformaron a vila nun espazo para lecer público, no que hoxe hai tamén algúns equipamentos universitarios, sendo o máis recente e senlleiro o Museo de Historia Natural.

3 SGAE/Fundación Autor

Situado no lindeiro da Finca Vista Alegre, este edificio chama a atención pola rotundidade do gran muro armado con enormes pezas de granito. Presenta unha arquitectura de contrastes: entre as dúas fachadas, o interior e o exterior, a tradición dos materiais e a modernidade das formas... A obra corresponde a Antón García Abril, quen tamén deseñou a Escola de Altos Estudos Musicais.

4 O vello camiño a Santa Comba

Este vello camiño —hoxe rúa de Vista Alegre— era un arrabalde conformado por casaríos que coa renovación da estrada no século XIX e co crecemento urbano foron uníndose ata formar unha rúa continua. Era barrio de lavandeiras e xornaleiros pero tamén de tecedeiras que daban vida ao *feirón* do liño que tiña lugar o día de Defuntos.

5 Cruceiro do Camiño do Lermo

Aquí hai cruceiro cando menos desde o século XVI para marcar o final da zona urbana. Este era tamén o punto máis afastado da procesión e o paseo do barrio. Na contorna podemos albiscar como eran noutro tempo os arrabaldes da cidade: casas terreiras (planta baixa) e de sobrado (co andar alto a rentes do tellado) pegadas unhas ás outras para conformar as rúas.

6 O río Sarela

A aldea do Romaño é unha das portas de entrada ás ribeiras do Sarela, hoxe recuperadas e practicables para pasear. Poderíamos afirmar, sen medo a equivocarnos, que este río foi a gran fonte de enerxía para a Compostela histórica, pois ata a súa desembocadura no Sar, en Vidán, está ateigado de muíños e instalacións industriais antigas como os curtidoiros. Desde aquí ata Santa Isabel pódese visitar a fábrica de Ponte Pedriña de Arriba, a ponte dos Tres Ollos (no vello camiño a Bergantiños), algúns muíños coas súas presas e conducións, un lavadoiro e un fermoso bosque de ribeira.

7 Curtidoiro da Ponte Pedriña de Arriba

Esta instalación industrial funcionou entre 1784 e 1961, sendo unha das máis antigas da cidade. Nela elaborábanse, fundamentalmente, solas e peles para botíns e outros calzados. Hoxe os seus edificios constitúen unha monumental e romántica ruína á beira do Sarela, na que aínda podemos identificar os sequeiros, almacéns, píos ou depósitos

8 Polígono de Vista Alegre

A emigración ás cidades desde o rural que tivo lugar a partir da década de 1960 transformou radicalmente a faciana de moitas cidades, entre elas Santiago. Para acoller a nova veciñanza naceron barrios enteiros —coma este aprobado en 1966— que marcaban un forte contraste cunha paisaxe aínda dominada por hortas e agros.

9 Campus Norte

No que noutros tempos eran hortas e labradíos, hoxe ten unha das súas sedes a USC. Naceu a partir dun albergue para peregrinos do Ano Santo de 1965. Aqueles pavillóns acolleron logo a Residencia Universitaria do Burgo das Nacións, escenario privilexiado da vida estudantil ata a súa renovación integral, rematada en 1992. Hoxe o seu sinal de identidade son a distribución dos espazos públicos e as vangardistas arquitecturas das Facultades. Entre elas destaca, por méritos propios, a Facultade de Ciencias da Comunicación, obra do arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira.

10 Parque da Música en Compostela

Nacido en 1991, este parque —que toma o seu nome do Auditorio de Galicia— ocupa parte do que noutro tempo foi a horta grande de San Martiño Pinario e logo (finais do s. XIX) unha explotación agraria que se caracterizou por ser innovadora na introdución no mercado compostelán de distintas variedades horticolas. Hoxe este parque é ben coñecido polo seu estanque e polas esculturas de Euxenio Granell (*Retrato de Asurbanipal*) e Manuel Ruibal (*Dolmen do novo Milenio*).

11 Antigo lavadoiro

En 1903 proxectouse para este lugar un fermoso lavadoiro tellado con 20 prazas de capacidade e cuberto, para protexer as lavandeiras do frío e do xeo. Tamén posuía un campo ao carón reservado para tender a roupa. Non se chegou a facer e houbo que agardar a 1933 para que se construíse unha infraestrutura máis sinxela, pero que significaba unha enorme mellora para as mulleres que traballaban á intemperie. Levantouse sobre pedras —ás veces no medio da corrente— nas beiras deste regato e no Sarela, na contorna de Santa Isabel. Había tantas lavandeiras nesta zona que tivo que ser ampliado antes de ser rematado.

12 Capela da Nosa Señora da Fonte

É un templo de orixe medieval, nacido posiblemente da devoción popular. A construción é moi sinxela, malia que conserva unha singular bóveda estrelada e, na fachada, unha fermosa virxe gótica. As festas —de moitísima sona— celebrábanse na honra da Virxe cada 23 de xuño cun multitudinario rosario ao que seguía unha verbena. A fonte que dá nome á capela era coñecida como fonte do Ave María e recolle o caudal dalgúns dos 27 mananciais que, segundo contan, hai nesta zona.



Sabías que...

- Neste barrio naceu o dramaturgo Roberto Vidal Bolaño? Foi nunha casa da praciña que hoxe leva o nome dunha das súas obras, *Saxo tenor*.
- Na estrada, entre Vista Alegre e Romaño, armábanse a finais do s. XIX-principios do XX, verbenas, bailes e paseos? Foi aquí onde gañou gran sona o gaiteiro José Brea.
- O de Vista Alegre foi sempre barrio de pequenos obradoiros e aínda hoxe conserva ese perfil?
- A contorna dos antigos lugares do Avío, Torreira e Romaño foi preferida por familias acomodadas para as súas fincas de recreo estival a principios do s. XX?
- Que a fachada da capela da Nosa Sra. da Fonte estivo cuberta de hedra?
- O Museo de Historia Natural naceu no século XIX como gabinete de Historia Natural da Universidade? É a mellor colección de Galicia e unha das máis importantes do Estado.

